



Os discursos de odio son o fomento, promoción do odio, a humillación ou o menosprezo dunha persoa ou grupo de persoas. Tamén é o acoso, a difusión de estereotipos negativos, a estigmatización ou ameazas con respecto a dita persoa ou grupo, e a xustificación desas manifestacións por razóns de raza, cor, orixe étnico, idade, discapacidade, lingua, relixión, sexo, xénero e outras condicións ou características persoais.

Eu vexo o corpo como un todo, con conexións entre todas as partes. Por iso, en lugar de tratar as diferentes dimensións (mental, física, emocional e relacional) por separado, vou tratalas á vez. Penso que se a nivel mental non estou ben, vese reflectido no físico, no emocional e relacional; e así con todas as dimensións.

A imaxe da cartografía é como unha aproximación ao meu corpo. Sen embargo, non é un corpo terminado, é un a medio facer. Os ocos nos brazos, no torso e na cabeza son todas as ideas, os valores e crenzas que aínda non están consolidadas. Estando nunha carreira como Educación Social e nunha sociedade que está en constante cambio non se pode estar estático, senón que ti tamén tes que estar reinventándote, deconstruíndote e evolucionando. Teño as miñas crenzas e valores fixos, eses que forman a miña personalidade, pero as ideas sen confirmar tamén son unha parte de min (e de cada unha).

Por outro lado, pero en relación coa evolución do pensamento, está a manipulación por parte dos altos cargos da sociedade e dos medios de comunicación. Por iso, debuxei ao meu corpo atado nunha man e nunha perna, coma se fose unha marioneta. A relación que ten co mencionado no parágrafo anterior é que moitas veces non podemos reinventarnos porque a presión social evita esa deconstrución e asumimos ideas que se converten en discursos de odio. Afortunadamente, hai máis partes do corpo que non están atados polos fíos da manipulación.

No rostro non teño ollos, porque a sociedade encargouse de borrarlos para que non poida ver. O que non sabían e que, aínda que me quiten os ollos da cara, teño os ollos do corazón, que son os que me fan gritar. Grito por todas as inxustizas que vexo, como estamos esnaquizando o mundo no que vivimos (símbolo da reciclaxe e a pata de animal), os ataques contra o colectivo LGBTI+, contra as mulleres, e contra todos os colectivos en situación de vulnerabilidade. Os que debuxei no meu corpo son os que máis me afectan xa que están moi ligados á miña persoa, pero non quero esquecerme de todas aquelas que non poden ter unha vida digna. Aínda así, borrarme os ollos provocou, e provoca a día de hoxe, que non me decate de moitas inxustizas.

O último punto a mencionar son as cicatrices. Con isto quero explicar que ninguén é 100% normativo. É dicir, todo o mundo tivo que enfrontarse nalgún momento a unha situación negativa. Todas temos cicatrices: unha ou vinte, máis ou menos grandes, por unha loita persoal ou sistemática; pero temos.